

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE A XERACIÓN E REDUCCIÓN DE RESIDUOS EN GALIZA

Contido

1 - Xeración e composición media dos residuos domésticos en Galiza.....	1
2 - Potenciais máximos de recollida selectiva e reciclaxe.....	1
3 - O papel da compostaxe doméstica e comunitaria.....	3
4 - Pegada ecolóxica (pegada do carbono).....	3
5 - A importancia da redución en orixe.....	4

1 Xeración e composición media dos residuos domésticos en Galiza

A xeración media de residuos domésticos en Galiza nos últimos anos é de 1,2 kg/día por persoa, coa seguinte composición (Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020):

- Vidro: 7%
- Papel e cartón: 15%
- Residuos de envases lixeiros e outros plásticos e metais: 14%
- Fracción orgánica (dos alimentos): 45%
- Outros residuos (perigosos, voluminosos, e outros materiais): 16%

Galiza recicla na actualidade aproximadamente o 10% dos residuos xerados no ámbito doméstico, arredor de 1,2 millóns de toneladas anuais. A cantidade de residuos xerados segue a crecer, e a reciclaxe está lonxe dos obxectivos do 60% establecidos na normativa actual. Se queres saber máis sobre a xestión de residuos en Galiza e os resultados acadados en cada ámbito, podes acudir á Revista Galega de Ecoloxía e Medio Ambiente CERNA. Un [estudo para 2011](#) mostra que dos tres grandes ámbitos existentes, Barbanza acadou os mellores resultados (36% de reciclaxe), seguido de Nostián (33%) e por último SOGAMA (8%).

Nos últimos anos, concellos como [Allariz](#) en Ourense, [Cerdedo](#) en Pontevedra, ou [San Sadurniño](#) na Coruña, están a mellorar a xestión a través da compostaxe doméstica e comunitaria e da mellora da recollida separada. Tamén a [Deputación de Pontevedra](#) ten iniciado un proxecto para implantar a compostaxe dos residuos orgánicos en moitos concellos.


2 Potenciais máximos de recollida selectiva e reciclaxe

A posibilidade de separar en orixe todas estas fraccións (recollida selectiva) e que se poida reciclar depende do [ámbito de xestión](#) no que nos atopemos:

No ámbito de SOGAMA só se recollen as tres primeiras fraccións indicadas arriba (vidro, papel e envases), xunto con outras pequenas fraccións (perigosos, electrodomésticos, voluminosos, etc, recollidos a través dos puntos limpos, polo que o potencial máximo de recollida selectiva e reciclaxe é do 44%. Isto débese a que no


contedor verde ou “xenérico”, SOGAMA pide botar restos orgánicos xunto con outros residuos lámpadas incandescentes, espellos, louza rota, cintas de vídeo e de son, disquetes e CDs, bolígrafos ou xoguetes de plástico. Todo isto vai a incineración ou a vertido.

Imaxe 1: Modelo de separación en orixe e destino dos residuos no ámbito SOGAMA




Nos ámbitos de Nostián (área da Coruña) e da Serra do Barbanza (planta de Lousame), tamén se recolle por separado a materia orgánica, polo que o potencial máximo de recollida selectiva e reciclaxe sube ao 84%.

Imaxe 2: Modelo de separación en orixe e destino dos residuos no ámbito NOSTIÁN



Imaxe 3: Modelo de separación en orixe e destino dos residuos no ámbito
SERRA DO BARBANZA



3 O papel da compostaxe doméstica e comunitaria


Esta modalidade de compostaxe ([vídeo sobre compostaxe doméstica](#)) está considerada como unha opción de prevención ou redución en orixe, xa que os restos orgánicos que se levan ao composteiro non chegan a converterse en residuos, senón que son aproveitados polas mesmas persoas que os xeran. Aproximadamente o 80% dos residuos orgánicos pódense compostar, polo que esta é unha das principais medidas de redución en orixe. As persoas que fan compostaxe doméstica ou comunitaria poden reducir nun 40% de media os residuos xerados.

No ámbito SOGAMA, a compostaxe doméstica ou comunitaria permite incrementar o potencial da recollida selectiva e reciclaxe até o 75%, no canto do máximo do 44% se non se fai.

4 Pegada ecolóxica (pegada do carbono)

As emisións de CO₂ derivadas dos residuos que xeramos obtéñense multiplicando os residuos xerados sen recollida separada por un factor de emisión. O valor de referencia deste factor habitualmente empregado é de 0,61 kg CO₂/kg residuo. Na situación galega, debido ao transporte necesario pola centralización da xestión de residuos en SOGAMA desde ámbitos de xeración moi dispersos, este factor resulta máis elevado, mais non se dispón de estudos que o teñan determinado.

Imaxe 4: A centralización do tratamento de residuos no Complexo Medioambiental de Cerceda (CMC) por SOGAMA presenta un elevado custo económico e ambiental derivado con consumo en gasóleo dos vehículos utilizados, particularmente no caso dos residuos de envases. Na imaxe, circuitos entre ascapitais de concello e as estacións de transferencia e destas ao CMC para o contedor amarelo



Fonte: PXRUG 2007-2017 (este plan previa a optimización do sistema, mais nunca se levou a cabo)

Pola contra, aos residuos recollidos selectivamente e reciclados de forma eficiente non se lle asignan emisións, pois volven a ser materias primas para a produción, e as emisións xa van incluídas no produto consumido (polo xeral menores que cando se empregan materias primas de tipo virxe).

Mais Galiza presenta en conxunto unha porcentaxe moi baixa de recollida selectiva, aproximadamente do 12%. Así, para a media galega (1,2 kg residuos/día, 12% de RS), a pegada ecolóxica dos residuos domésticos resulta de 235 kg CO₂/ano, e facilmente pode chegar até os 500 kg CO₂/ano para moitas persoas cunha elevada xeración de residuos e que non fan separación en orixe.

5 A importancia da redución en orixe

A redución en orixe e a separación dos residuos xerados son dúas medidas necesarias e imprescindibles para redución o impacto dos residuos e do noso consumo. A redución é a medida prioritaria, seguida da separación e reciclaxe dos residuos xerados.

Como se viu arriba polos factores de emisión utilizados, a recollida separada permite reducir a pegada ecolóxica dos residuos, evitando a maior parte das emisións de CO₂. Pero a redución en orixe ten efectos adicionais e máis importantes, xa que afecta a extracción, produción e transporte de materias primas e produtos.

Vexamos o exemplo do papel. O factor de emisión para a produción de papel de fibra virxe e de 1,84 kgCO₂/kg papel, mentres que a produción de papel reciclado emite 0,61 kgCO₂/kg papel. Así, entre as opcións de redución das emisións teriamos as seguintes:

<i>Tipo de papel e uso</i>	<i>Emisións (kgCO₂/kg papel)</i>	<i>%</i>
Papel virxe sen recollida separada	2,45	100
Papel virxe con recollida separada para reciclaxe	1,84	75
Papel reciclado sen recollida separada	1,22	50
Papel reciclado con recollida separada para reciclaxe	0,61	25
Papel reciclado, uso 2ª cara e recollida separada	-	12,5
Cada folio ou trozo de papel evitado	-	0

O vidro pode ser outro exemplo: mentres a produción de vidro a partir de envases recuperados aforra un 30% de enerxía no proceso, os envases reutilizados (sistema de retorno) permiten aforrar máis do 80%.

En 1996 derrubouse o vertedoiro de Bens (A Coruña), causando graves danos ambientais e económicos, e a morte dunha persoa. Bens era daquela o que acumulaba a maior cantidade de residuos en Galiza. Hoxe o récord correspóndelle ao [vertedoiro de SOGAMA en A Areosa](#), que segue a medrar día a día.

Imaxe 5

